



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FILLOS DE OURENSE, FUNDAOURENSE DE VENEZUELA, COA FINALIDADE DE CONTRIBUIR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN VENEZUELA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Fillos de Ourense, FUNDAOURENSE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2021.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer o marco de colaboración para a concesión dunha axuda á Fundación Fillos de Ourense (FUNDAOURENSE) co fin de contribuír ó financiamento dos servizos de residencia e/ou de atención asistencial de urxencia ás persoas de orixe galego residentes en Venezuela que por razóns de idade, marxinalidade, carencia ou de dependencia se atopa en situación de necesidade e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, na súa maioría galegos ou descendentes, dentro da que se atopa un importante colectivo, en especial de xente maior ou carenciada, con necesidades urxentes de atención, ó que no é posible chegar a través doutros instrumentos de colaboración, que dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país, precisan da atención da Xunta de Galicia para que poidan acadar unhas condicións de vida digna.

FUNDAOURENSE, é unha entidade xurídica civil sen fin de lucro, de carácter esencialmente benéfico, médico, de asistencia e protección social, radicada en Caracas, que exerce a súa actividade en todo o territorio da República Bolivariana de Venezuela, e ten como obxectivos primordiais, entre outros, a protección á infancia, ao ancián e a solución de problemas sociais.

Na actualidade esta fundación está a desenvolver unha importante labor social asistencial orientada á atención a persoas en situacións extremas de marxinalidade, de pobreza ou de abandono, destacando a búsqueda a través dun grupo de voluntariado de persoas de orixe galega que poden atoparse nesa situación, tanto na rúa coma en institucións públicas, hospitais, residencias, fogares, etc, aos que lles presta axuda alimenticia, produtos de hixiene, medicinas, roupa ou simplemente compañía, no caso de anciáns con falta de protección familiar.





A situación motivada pola pandemia causada polo virus da COVID-19 obriga a este tipo de entidades a levar a cabo diferentes accións para previr a súa transmisión comunitaria que van desde aplicar diferentes protocolos de seguridade e hixiene, realizar probas para a detección do virus, tanto a persoas acollidas como ó persoal que lles presta servizos, ata a habilitación de salas de illamento, o que lles obriga a un importante desembolso en adquisicións de abastecementos hospitalarios, equipos de protección persoal, contratación extra de persoal, etc., co fin de extremar as precaucións e manter a asistencia integral ós anciáns acollidos como colectivo especialmente afectado.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará corenta e cinco mil euros (45.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

